

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E APASCIDE, ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS DE PERSONAS CON SORDOCEGUERA, PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE DE PERSOAS CON SORDOCEGUERA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar con APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de maio de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 sempre e cando amporen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o outorgamento dunha subvención de carácter directo para contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade na posta en marcha das actuacións que APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera ten previsto desenvolver dende o 1 de xaneiro ata o 15 de maio do ano 2025 dentro do programa específico de promoción da accesibilidade de persoas con xordo-cegueira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A persoa con xordocegueira total ou cunha visión e audición gravemente afectadas non pode coñecer apenas nada do mundo exterior nin pode aprender polos seus propios medios, non ten referentes, todo ten que aprendelo a través do tacto e da propia experiencia e para iso necesita ser axudado continuamente por persoas especialmente adestradas para iso, os mediadores na comunicación profesionais. Ademais de prestar unha atención directa ás persoas con xordocegueira tamén forman ás persoas coas que conviven, tanto se xa teñen algún coñecemento, afianzándoo, como se teñen que aprender desde cero.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera é a única entidade de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega este programa.

Así mesmo, as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da



Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

